FICHA – A poboación 3

1.- Vocabulario científico da unidade:

Palabra	Definición

2.- Quen forma a poboación dun determinado lugar?

3.- O lugar onde vives, é rural ou urbano? Explica a túa resposta.

4.- España ten máis de 75 millóns de habitantes mentres que Portugal ten sobre uns 11 millóns. Como podemos explicar que a densidade de poboación de España sexa menor que a de Portugal?

5.- Investiga cal é a densidade de poboación do teu concello. Podería cambiar ese dato en vindeiros anos?

6.- Cando dicimos que unha persoa está xubilada?

7.- Indica e explica tres factores físicos que podan facer que as persoas cambien o lugar onde viven.

8.- Investiga sobre a orixe e formación da poboación ou concello no que vives e fai un pequeno resumo.

9.- Infórmate sobre que son os refuxiados e as causas que fan que abandonen o seu país.

10.- Constantemente aparecen noticias sobre inmigrantes que intentan pasar o Estreito de Xibraltar. Explica, cun pequeno debuxo, onde se atopa este estreito e cales son as razóns que fan que esa xente arisque a súa vida para poder chegar a España.

11.- Indica tres cousas positivas que poden aportar os inmigrantes.

12.- Nunha determinada poboación obtivéronse o ano pasado os seguintes datos:

Cuatrimestre	Nacementos	Falecementos
1º	52	62
2º	41	50
3º	47	34

a) Calcula o crecemento natural do terceiro cuatrimestre.
b) En que cuatrimestre foi negativo o crecemento natural?
c) Aumentou ou diminuíu a poboación este ano?

13.- Cal é a diferenza entre o crecemento natural e o real?

14.- Durante algúns anos en España, a pesar de ter un crecemento natural negativo, houbo un crecemento real positivo. A que puido ser debido isto?

15.- A maior parte das cidades galegas ten un número elevado de poboación anciá. A que cres que se debe isto?

16.- Indica dúas causas polas que a poboación galega se concentre nas zonas costeiras.

17.- En 1910 Vigo, a cidade galega con maior número de habitantes, tan so tiña 41 500 habitantes; na actualidade está cerca dos 300 000. Que factores influíron para que en cen anos a súa poboación aumentase nuns 250 000 habitantes?

18.- A que foi debido que non houbese emigración galega dende o ano 1936 ata o 1950?

19.- A que se adicaron os exiliados políticos galegos en Hispanoamérica?

20.- Busca en Internet información sobre unha "Casa de Galicia" ou un "Centro galego" e fai un pequeno resumo (lugar onde se atopa, historia, actividades que desenvolve...)

21.- Respecto da emigración en Galicia, que ocorreu a partir do 2008?

22.- Busca en Internet as densidades de poboación de cada unha das comunidades españolas. Nunha táboa coloca as que teñen unha densidade maior que a de España nunha columna, noutra coloca as que a teñen igual ou superior. Suliña de cor azul as zonas costeiras e de vermello as do interior. Que información podes sacar desta táboa?

23.- Fai un esquema gráfico coas ocupacións da poboación activa española.

24.- Pregunta na túa casa e explica brevemente como foi a vida dalgunha persoa (da túa familia ou coñecida) que tivese que emigrar. Onde foi? Tempo? Retornou?...